



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOQUEIXÓN

Expediente 2025/G016/0000002. Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga. Actualización do anexo de tarifas conforme ó IPC: Publicación definitiva

EXPEDIENTE 2025/G016/000002. Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga. Actualización do anexo de tarifas conforme ó IPC

Trámite: anuncio de aprobación definitiva

10.12.2025 o Pleno do Concello, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga que consistiu na actualización das tarifas coa taxa de variación do 3,1% do indicador adiantado do IPC publicado no mes de outubro de 2025.

18.12.2025 publicouse o anuncio correspondente á dita aprobación inicial no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 242, iniciándose un prazo de exposición pública do expediente de trinta días hábiles.

09.02.2026 a Secretaría-Intervención emitiu certificación na que se acredita que durante este prazo NON se presentou ningunha alegación nin reclamación en relación con este expediente.

09.02.2026 dítase o Decreto da Alcaldía n.º 63/2026, polo que se recoñece a elevación a definitivo do acordo inicialmente adoptado e se ordena publicar a aprobación definitiva.

Conforme ó establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise pública a aprobación definitiva, publicándose o texto refundido da ordenanza.

Boqueixón, 9 de febreiro de 2026

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA. (2025/G016/000002)

Artigo 1. Fundamento e réxime.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da lei 39/1988 de 28 de decembro regulador das facendas locais, este concello establece a taxa polo subministro de augas que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que atende ó previsto no artigo 58 da citada lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo da distribución de auga potable a domicilio, ou enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados polos servizos a que se refire esta ordenanza.

Artigo 4. Responsables.-

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria, así como os coparticipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 33 da lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei xeral tributaria

Artigo 5. Base imponible e cota tributaria .-

A base imponible estará constituída por:

- As acometidas á rede xeral : o feito da conexión á rede por cada local comercial e vivenda individual .
- No subministro ou distribución de augas: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.
- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nos seguintes tarifas:

- A) TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO**Abonados domésticos**

		Tarifa servizo	E&D	Canon Concello
		€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes
Cota fixa		5,236	4,092	1,144
Consumo				
1º Bloque	0 a 10 m ³ /ab.mes	0,377	0,295	0,081
2º Bloque	máis de 10 a 20 m ³ /ab.mes	0,472	0,368	0,104
3º Bloque	máis de 20 a 40 m ³ / ab.mes	1,426	1,115	0,311
Excesos	máis de 40 m ³ /ab.mes	1,519	1,186	0,333

Aboados industriais, comerciais e obras

	Tarifa servizo	E&D	Canon Concello
	€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes
Cota fixa	6,999	5,469	1,530
Consumo	€/m ³	€/m ³	€/m ³
Por cada m3 consumido	0,805	0,629	0,176
Ganderías			
Terán un desconto do 50 % sobre as cotas industrial e comercial			

2 Altas de contratos

	€/ud
Por vivenda	59,30 €
Por local comercial	118,62 €
Por planta baixa sen dividir	118,62 €
O importe obterase de multiplicar polo n.º de vivendas que corresponda por planta	
Industrias situadas fora do polígono industrial	
Ata 2 obreiros	118,62€
Máis de 2 e ata 20 obreiros	355,88 €
Máis de 20 e ata 50 obreiros	593,13 €
Máis de 50 obreiros	1.186,26 €
Naves industriais situadas nos Polígonos industriais	
Ata 500 m ²	593,13 €
Máis de 500 m ² e ata 2000 m ²	1.186,26 €
Máis de 2000 m ²	1.779,38 €
Promotores de 2 ou máis vivendas unifamiliares *	609,14 €
Promotores de vivendas colectivas (edificios colectivos)	609,14 €

* O aboamento da taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promoción de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promoción de vivendas colectivas

3 Cota por conservación de contadores e acometidas

	€/ud
Cota	0,830

4 Xestión de cobros a impagados

Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pagamento	4,75 €
---	--------

5 Desprecintado de contador

Desprecintado de contador	19,596 €
---------------------------	----------

6 Conexión á rede de abastecemento e precintado de racores

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo	21,772 €
--	----------

B) PREZO DE ACOMETIDAS E CONTADORES DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO**1 Prezo de acometidas do servizo de abastecemento**

Faise o cálculo á acometida normal de 5 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m.)

Materiais

- Ud. de collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaxe de P.E.B.D.: 1 a 5 m
- Ud. de chave de paso
- Tapa de función de 15x25 cm

Obra civil

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15x25
- 1 a 5 m.l. de gabiá (apertura, peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro e do tipo de reposición a realizar na gavía

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	406,90	456,59	499,10
1"	432,38	490,84	520,86
1¼"-1½"	475,80	529,95	581,05
2"	524,33	575,99	629,64

Incremento do prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de más de 5 m.	¾"	1"	1¼"-1½"	2"
(A) incremento Eur. por m.	10,74	12,58	17,89	30,14
(B) incremento Eur. por m.	19,83	25,52	30,81	42,53
(C) incremento Eur. por m.	28,37	30,26	35,54	47,02

2 Prezo instalación de contador**2.1 Instalación do contador de 15/20 mm en batería de contadores ou similar**

- Contador
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado (€/ud):

	€/ud
Contador de 15 mm	86,22
Contador de 20 mm	108,26

2.2 Contadores de diámetro superior a 20 mm

Farase orzamento para cada caso.

2.3 Tarifas de contadores (sen colocación) [€7ud]

Ø mm.	€/ud
Ø15 mm.	63,60
Ø20 mm.	85,65
Ø25 mm.	139,44
Ø30 mm.	194,95
Ø40 mm.	410,22
Ø50 mm.	660,30
Ø65 mm.	818,60

Artigo 6. Devengo.

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice este sen ter obtida a previa licencia , debendo depositarse previamente o pagamento correspondente ó enganche.

A obriga do pagamento da taxa establécese da forma seguinte:

Taxa de conexión, antes de efectuarse a conexión e entenderase como taxa única e definitiva.

Taxa por consumo dende o momento no que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e cobramento , efectuarase con periodicidade bimensual.

O prezo de dita taxa efectuarase no momento da presentación, ó obrigado a realizalo, da correspondente factura. O non pagamento de tres facturacións consecutivas será motivo suficiente para corta-lo subministro de auga ó obrigado moroso.

Artigo 7. Exencións e bonificacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 da lei 39/1988 do 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei.

Artigo 8. Reducións.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 da lei 39/1988, establécese unha redución do 50% da tarifa polo consumo destinado ás explotacións agrícolas.

Artigo 9. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ós mesmos correspondan en cada caso, estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da lei xeral tributaria.

Disposición Adicional Primeira. Declaración de alta

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo ou no padrón da taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Disposición Adicional Segunda. Declaración de baixa.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtir efecto no período natural seguinte ó da presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

Disposición Final.

A ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, logo da súa publicación íntegra e manterá a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.